

SERVIZO CABANAS CONCILIA Campamento urbano

CARACTERÍSTICAS E FUNCIONAMENTO

O servizo municipal de conciliación CABANAS CONCILIA do Concello de Cabanas, formado polas medidas municipais de conciliación de promoción autonómica Amencer na escola e do **campamento urbano Cabanas Concilia** (Decreto 182/2008, de 31 de xullo, polo que se establece a promoción autonómica das medidas municipais de conciliación).

Ademais disto, para estas medidas aplícase a Ordenanza Municipal reguladora do prezo público deste Servizo, así como as restantes normas de réxime local e autonómicas de aplicación.

O servizo municipal de conciliación CABANAS CONCILIA é unha acción de carácter socioeducativo dirixida a apoiar á familias con persoas menores ao seu cargo na conciliación persoal, familiar e laboral, así como recoñecer as diferentes situacións familiares do municipio, mellorando o seu benestar persoal e social.

O servizo ofrece unha alternativa de maneira preferente a aquelas unidades familiares que non contan ou teñen dificultades para dispoñer de outros recursos de apoio dentro da súa rede familiar ou social; ou ben, que non lles é práctica a aplicación das medidas legais vixentes en materia de conciliación persoal, familiar e laboral.

O campamento urbano desenvolverase os **días laborais non lectivos dos meses de xullo e agosto** de 2024 atendendo aos criterios de dispoñibilidade orzamentaria e de demanda de conciliación da comunidade educativa. O horario ordinario de desenvolvemento de actividades é de **9.00 a 14.30 horas**, porén se valorará se é preciso flexibilizar este horario para dar unha resposta axeitada á demanda das familias (desde ás 8.00 horas ata as 15.00 horas). As actividades desenvolveranse nos espazos municipais que se consideren máis axeitados en función das características do grupo de nenas e nenos participantes. Os espazos de preferenza para o desenvolvemento das actividades serán no Apeadoiro e no entorno do CEIP Eladia Mariño coa autorización do órgano correspondente. As modalidades de atención do campamento urbano son as seguintes: **mensual** ou **quincenal**.

Terán **preferencia** as unidades familiares empadroadas no Concello de Cabanas. En segundo lugar, tamén terán preferencia as unidades familiares con nenas e nenos escolarizadas no CEIP Eladia Mariño. No caso de que a demanda de prazas supere á oferta, contando co anterior, darase preferencia ás unidades familiares cuxos/as proxenitores/as xustifiquen debidamente a necesidade de conciliar no horario do Servizo, e dentro deste grupo, as unidades familiares con menos ingresos económicos.

REQUISITOS PARA A PARTICIPACIÓN

- As nenas e nenos deben ser acompañadas/os ata a entrada do local e asegurarse de que son recibidas/os polo monitorado.
- Deberán levar unha bolsa de plástico cunha **muda completa** para deixar sempre no local.

SERVIZO CABANAS CONCILIA Campamento urbano

Ademais como cada día farase unha saída diferente, as nenas e nenos deben saír sempre da casa cos tenis e calcetíns postos e levar na mochila unhas sandalias ou chanclas, cando llo pida o monitorado (tamén se poden deixar no local). A roupa e calzado coa que veñan vestidos/as debe ser cómoda e con posibilidade de mancharse. Ademais deberá ter o **nome da nena ou neno**.

- A media mañá haberá un pequeno descanso para recuperar forzas cunha **merenda** que deberán traer da casa. Fomentárase as merendas saudables polo que se recomenda que leven produtos saudables e non industriais ou moi doces. Tódolos días motivárase ás nenas e nenos cun sistema de reforzo positivo cando traian da casa froita. Por último é imprescindible que leven unha **botella de auga**.
- Dentro das mochilas levarán sempre panos de papel, crema de protección solar e unha gorra. A crema debe vir botada da casa.

Organización e recomendacións xerais

- Deberase comunicar ao persoal organizador das actividades calquera **apoio** e adaptación que sexa pertinente e posible para a mellor aproveitamento das persoas participantes nas actividades.
- Prégase puntualidade na hora de entrada mínima que se indique (adoita ser ás **10.00 horas**).
- Se a nena/o debe faltar durante un mínimo de 3 días é necesario comunicarllo ao monitorado ou ás persoas coordinadoras.
- En calquera caso, nas circunstancias relacionadas coa conciliación persoal, laboral e familiar, as familias poden solicitar a participación do/a neno/a en **outro horario**.
- Recoméndase non mandar xogos e xoguetes da casa. O persoal técnico do campamento non se fará responsable de posibles danos ou extravío destes obxectos.
- Toda a información relativa a alerxias, enfermidades, tratamentos ou algunha outra cuestión médica, deberá comunicarse ao monitorado coas indicacións pertinentes.

PAGAMENTO

O pagamento da actividade, unha vez aceptada a solicitude de inscrición, farase por transferencia bancaria no seguinte número de conta:

ES13 2080 0201 9831 1000 0052

Neste caso indicárase no concepto do ingreso estes **datos**:

- Campamento urbano Cabanas Concilia 2024*
- Nome e apelidos da nena ou neno*
- Quenda que corresponda (quincena/mes de xullo ou agosto)*

En todo caso, **o pagamento efectuarase unha vez sexa confirmada a praza**.